

PLAN DIXITAL

CEIP PLURILINGÜE EULOGIO GÓMEZ FRANQUEIRA

Versión 1.0_ xuño 2022]

Índice do Plan Dixital

1. **Introdución**
 - 1.1. Datos básicos do centro
 - 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
 - 1.3. Breve xustificación do mesmo
 - 1.4. Proceso de elaboración

2. **Situación de partida**
 - 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
 - 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
 - 2.3. Análise DAFO

3. **Plan de Acción**
 - 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
 - 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. **Avaliación do PD**
 - 4.1. Seguimento do Plan de Acción
 - 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. **Difusión do PD**

1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro

Denominación: Ceip Plurilingüe Eulogio Gómez Franqueira

Situación: Rúa Piñeiral s/n – San Amaro

Código Postal: 32455

Teléfono: 988 – 788 – 288

e-mail: ceip.eulogio.gomez.franqueira@edu.xunta.es

Páxina Web: <http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipeulogiogomezfranqueira/>

Código do Centro: 32015921

O “CEIP Plurilingüe Eulogio Gómez Franqueira” está situado na Rúa Piñeiral s/n, entre as poboacións de O Cruceiro e a de San Amaro, ao carón da estrada provincial OU-0303.

As familias presentan un nivel de renda medio-baixo e un nivel cultural medio- baixo.

Na actualidade, cómpre salientar a chegada de inmigrantes (principalmente de Venezuela) co que fixo posible o mantemento do número de alumnos/as nos derradeiros anos e que supoñen o 20 % do alumnado.

Contamos no curso 21-22 cun total de 45 alumn@s, 5 mestres/as a tempo completo, 3 mestras itinerantes, coidadora e cociñeira.

Conta na actualidade con catro unidades agrupadas do seguinte xeito:

Aula de Infantil: 5º e 6º de Ed. Infantil

Aula de 1º e 2º de Ed. Primaria

Aula de 3º e 4º de Ed. Primaria

Aula de 5º e 6º de Ed. Primaria

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

O CEIP Eulogio Gómez Franqueira, consta dun edificio principal de dúas plantas que alberga no seu interior as aulas e espazos administrativos e dun patio cuberto , así coma dun polideportivo cuberto non pechado.

O centro ten aprobada a xornada partida en horario de 9:30 horas. a 16:00 horas., e ofrece á comunidade os servizos de Orientación educativa, comedor e transporte, ademais a ANPA do centro oferta polas tardes diversas actividades extraescolares e polas mañás o servizo de Aulas Madrugadoras.

As familias do centro traballan principalmente no sector primario (gandaría) e servizos. O nivel cultural medio reflicte unha moi baixa porcentaxe de titulacións superiores sendo as titulacións de FP as que máis predominan.

O plan dixital contribuirá directamente á mellora das habilidades da comunidade educativa sendo unha ferramenta esencial para o desenvolvemento útil de hábitos dixitais no día a día sendo as comunicacións a través de medios dixitais coas familias o principal obxectivo. O plan dixital mellorará os programas do centro tales como: plurilingüismo, plurinfantil, ARCO, PROA etc.

No curso 22-23 a PXA do centro recollerá a implantación dos obxectivos propostos no PD de centro sendo punto de referencia na creación de recursos, comunicación coas familias e desenvolvemento profesional docente.

1.3. Breve xustificación do mesmo

O desenvolvemento do PD do centro ven xustificado polos seguintes documentos:

- Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación.
- Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022.
- Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022.

1.4. Proceso de elaboración

O proceso de elaboración do plan dixital de centro comezará por determinar as necesidades e prioridades do noso centro educativo para poder establecer o plan de traballo que marcará ese proceso de cambio e mellora.

Para iso fómonos marcando una serie de reunións de todo o equipo, coordinadas tamén a través dunha mentora da plataforma Adix, coa que fomos intercambiando constantemente documentación, modelos de documentos, dúbidas, correccións...Contamos tamén coa participación da dirección do centro,

establecendo unha visión global e intercambiando ideas e percepcións para a elaboración do plan.

A continuación, detallamos como nos fomos organizando:

- 22/11/2021. Posta en común das carencias do centro educativo para desenvolver a competencia dixital.
- 13/12/2021. Análise dos resultados do selfie e posta en común.
- 21/02/2022. Realización do test CDD.
- 7/03/2022. Análise dos resultados obtidos no CDD. Reparto das áreas para analizar.
- 4/04/2022. Posta en común das ameazas, fortalezas, debilidades e oportunidades do noso centro. Elaboración DAFO.
- 25/04/2022. Corrección de erros do DAFO. Elaboración dos obxectivos.
- 2/05/2022. Establecer os apartados do plan dixital. Repartición de apartados.
- 18/05/2022. Posta en común dos apartados do plan e redacción. Dar a coñecer á comunidade educativa.

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

O centro participa no programa “ESCOLAS CONECTADAS” e ten conectividade WIFI en todo o centro se ben a fiabilidade da mesma é limitada.

O equipamento do centro distribúese do seguinte xeito:

1. Aulas dixitalizadas Xunta: 2
2. Equipos de xestión e administración: 1
3. Uso na biblioteca: 1 ordenador de xestión e 2 de consulta para o alumnado
4. Equipos para uso do profesorado: 1 na sala de Mestres/as, 1 na aula de apoio, 4 nas aulas para Mestres/as e 4 para uso do alumnado.
5. A aula de informática fusionouse coa biblioteca mais os equipos reacondicionados dos que dispoñiamos están sendo dados de baixa pola UAC dado que non teñen reparación.

Servizos dixitais: o centro fai uso dos aplicativos do espazo eduxunta así como da páxina web e aula virtual do centro.

A xestión do mantemento dos equipos e recursos do centro será inventariada polo director a través do DRD, a coordinadora TIC velará polo seu estado de funcionamento e correcto uso e en caso de avaría será a UAC a encargada de resolver o problema existente.

O Plan de Continxencia establece as medidas en caso de suspensión da actividade lectiva, as medidas para facer efectivo o ensino a distancia e os suposto de reactivación da actividade lectiva presencial.

Neste sentido, o protocolo establece o ensino virtual como recurso en caso de suspensión da actividade lectiva ou imposibilidade de asistencia ao centro.

Neste sentido, a actividade lectiva a distancia desenvolverase polo mestre/a da materia a través das ferramentas disponibles: Por unha banda, empregárase unha plataforma de videoconferencia institucional (**Webex ou BBB**), que permitirá unha interacción en tempo real, compartir contidos e realizar diferentes exercicios; e pola outra, a **aula virtual**, coa que todo o alumnado estará familiarizado e saberá empregar adecuadamente debido ás múltiples simulacións previas feitas na clase.

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

Áreas	Grupos	Ensinanzas		
		Primaria	ESO	Bacharelato
A -Liderado	Equipo Directivo	2.7		
	Profesorado	3.7		
	Alumnado			
B- Colaboración e redes	Equipo Directivo	2.7		
	Profesorado	3.3		
	Alumnado	3.8		
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Directivo	2.6		
	Profesorado	3.1		

	Alumnado	3.8		
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Directivo	4		
	Profesorado	3.7		
	Alumnado			
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Directivo	3.8		
	Profesorado	4.1		
	Alumnado			
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Directivo	3.7		
	Profesorado	3.7		
	Alumnado	3.4		
G- Prácticas de avaliación	Equipo Directivo	3.3		
	Profesorado	3.4		
	Alumnado			
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Directivo	3.3		
	Profesorado	3.4		
	Alumnado	3.9		

Test CDD:

Participación segundo perfil do profesorado

--	--	--	--

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	4	4	100%
PROVISIONAL	1	1	100%
INTERINO	2	2	100%
SUBSTITUTO			
DESPRAZADO			

Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
60	<u>Explorador/a</u>	76.4	<u>Integradora B1</u>

2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
ESO				
BAC				
F.P				

- O centro únicamente imparte as etapas de infantil e primaria

2.3 Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
Principiante(A1)	1	14.3%
Explorador/a(A2)	4	57.1%
Integrador/a(B1)	1	14.3%
Experto(B2)	1	14.3%
TOTAL	7	100%

2.3. Análise DAFO

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS EQUIPAMENTO	C2.Existen algúns equipos para os docentes aínda que desfasados.	C1. Non é suficiente para implantar dixitalización. C5. A asistencia técnica non é suficientemente rápida e o centro non conta con material informático suficiente.
	PERSOAL DOCENTE	A3. Profesorado disposto a mellorar. E4 Existe comuniación a través de medios electrónicos. mellorar. B3. Organización máis áxil. F1. Individualización do ensino. E1. Coñecemento de posibles recursos. B2. adoptar novas metodoloxías. F3. Uso NNTT como ferramentas creativas.	D1. Profesorado insuficiente para abarcar todos os ámbitos do DPC. F6. Non existen este tipo de proxectos no centro. D3. Illamento pola ubicación. D2. Software corporativo entorpece a creación e uso de recursos dixitais.
	PERSOAL NON DOCENTE	Colaboran en todas as actividades do centro.	
	ALUMNADO	H3. O alumnado emprega de xeito responsable as NNTT. H6. O alumnado valora o traballo dos demais. H4. O alumnado dispón de competencias ALFIN para procurar información.	H7. O alumnado descoñece como crear contidos dixitais no eido educativo. G6. Non existe este tipo de tarefas a nivel dixital no centro.
	FAMILIAS		H1. As familias do alumnado precisan formación no uso das NNTT.
	OFERTA	C3 participamos no programa "escolas conectadas"	

ORGANIZACIÓN DO CENTRO	<p>A1. Non existe estratexia dixital.</p> <p>B1. Non se dispón de recursos dixitais para valorar o avance.</p> <p>A2. Dificultade no manexo do software e recursos corporativos.</p>
-------------------------------	--

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	<p>Posibilidade de solicitar programas relacionados co PLAMBE: radio na biblio, escornabots, PROXECTOS STEM.</p> <p>Existencia de persoal non docente (cociñeira e coidadora) no centro.</p> <p>Existencia de formación externa que se podería solicitar.</p>	<p>Inestabilidade na dotación de profesorado.</p> <p>Necesidades reais do centro non cubertas dado que non se inclúen dotacións con perfil dixital concreto.</p> <p>O centro non recibe presuposto específico para ter autonomía na mellora dixital.</p>
	LEXISLACIÓN	<p>Posibilidade de nova normativa que recolla as características dos centros incompletos</p>	<p>Insuficiente coñecemento da lexislación relativa á implantación do plan dixital.</p>
	CONTORNA	<p>Espazo natural que posibilita tarefas diferentes ás de centros urbanos.</p>	<p>Illamento por estar en zona sen edificacións próximas.</p> <p>Escasa conectividade.</p> <p>Risco de infoexclusión por inexistencia de recursos dixitais nunha ampla porcentaxe das familias.</p> <p>Inexistencia de recursos económicos abondo para a transformación dixital</p>
	ANPA	<p>Implicar á asociación en tarefas formativas.</p> <p>Posibilidade de aumentar a implicación das familias.</p>	<p>A ANPA non pode aportar axuda no eido dixital.</p>

OUTRAS ENTIDADES	O Concello, a Deputación e a empresa COREN poden ser obxecto de solicitude de axuda.	Inexistencia de posibilidades de colaboración externa gratuíta no eido dixital.
-------------------------	--	---

3. Plan de Acción

Contando con 5 mestres/as definitivos no centro, dispoñemos de 1 ordenador portátil por aula (aínda que con características e antigüidades diversas)

3.1. Obxectivos, indicadores e accións.

O claustro ao completo reuníuse para, logo de analizar o DAFO, concretar liñas de actuación no centro.

OBXECTIVO (1): “Empregar recursos TIC existentes nas dinámicas de aula”.

O obxectivo atópase dentro da área de mellora H: Competencias dixitais do alumnado.

O claustro busca introducir recursos dixitais nas dinámicas de aula das distintas etapas educativas. Partindo de 0 propoñémonos chegar aos 3 recursos empregados por cada aula ao finalizar o curso 22/23. Para acadalo contaremos con diferentes recursos humanos como: o profesorado, CCP e o director e recursos materiais como: a acta da convocatoria de claustro, os recursos TIC e os equipos informáticos.

Para o desenvolvemento do obxectivo contamos cas seguintes accións:

- AO1.1: Reunión dos docentes para informar da posta en marcha da creación de recursos
- AO1.2: Posta en común dos recursos TIC para cada etapa
- AO1.3: Selección dos recursos a utilizar en cada etapa.
- AO1.4: Posta en práctica por parte do claustro da proposta.
- AO1.5: Desenvolver as actividades e recursos TIC en cada etapa.
- AO1.6: Testar o emprego dos 3 recursos propostos

As primeiras 4 accións desenvolveranse ao longo 1º trimestre, (especificados os tempos na táboa correspondente), a 5º acción longo do 2º e 3º trimestre e a 6º acción terá lugar na última semana de xuño.

OBXECTIVO (2): “Definir una canle de comunicación interna dixital que permita o intercambio de mensaxes entre o persoal docente”.

O obxectivo atópase dentro da área de mellora D: Desenvolvemento profesional continuo.

O claustro identifica como necesidade do centro e emprego dunha canle de comunicación única e formal para o intercambio de mensaxes entre o persoal docente. Partimos de que non existe dita canle e, o obxectivo final será escoller una canle axeitada para levar a cabo dito intercambio.

Para acadarse dito obxectivo levaremos a cabo varias accións que se detallan a continuación:

- AO2.1: Durante o primeiro claustro do curso, que terá lugar o 8 de setembro, o director do centro propondrá distintas canles de comunicación oficiais e cada membro do equipo escollerá o que lle resulte máis axeitado de entre eles.
- AO2.2: O director fará recuento de votos e dará ca coñecer ao equipo docente a canle escollida por votación e coa que se seguirá traballando o resto de accións.

Os recursos materiais que se precisan para a consecución deste obxectivo serían os seguintes:

convocatoria de claustro a comezo do curso 2022-2023, equipos informáticos como ordenadores, proxectores e recursos humanos nos que se atopan o claustro ao completo.

OBXECTIVO (3): "Intercambio de mensaxes entre o persoal docente".

O obxectivo atópase dentro da área de mellora D: desenvolvemento profesional continuo.

Despois de levar a cabo o obxectivo anterior, e tendo definida una canle de comunicación para o emprego de todo o claustro, neste obxectivo levarase a cabo o intercambio de mensaxes con dita canle durante o curso 2022-2023 e acadar unha porcentaxe de emprego entre o persoal docente dun 60% a final de dito curso escolar.

Para acadarse dito obxectivo levaranse a cabo unas accións que desenvolver e que se explican a continuación:

- AO3.1: O claustro, tras ser convocado polo director, decidirá como se empregará a canle de comunicación para empregar por parte de todos os mestres e mestras.
- AO3.2: O claustro reúne e decide se hai necesidades para o emprego correcto da canle escollida.
- Durante o mes de outubro o director será o encargado de preparar a formación que se levará a cabo para o emprego da canle (se fose necesaria). Dita formación pode ser levada por algún membro do claustro ou por parte de algún/a formador/a do CFR de Ourense.
- AO3.3: Emprego por parte do persoal docente da canle escollida para respostar e intercambiar mensaxes. Validación do seu emprego. Comezará a levarse a cabo no mes de febreiro.

Os recursos humanos serían a convocatoria da reunión, o claustro ao completo do centro, persona que sexa coordinadora da actividade, a canle escollida e equipos informáticos necesarios.

OBXECTIVO (4): "Crear recursos TIC para o seu emprego na aula".

O obxectivo atópase dentro da área de mellora E: Pedagogía: apoios e recursos.

O claustro de profesorado comprométese deste xeito, a crear recursos TIC (dous por profesorado) ata xuño de 2023. Preténdese así, que os recursos creados poidan ser usados por todo/as e subidos á aula virtual do centro.

Pártese de 0 recursos creados a nivel de centro e preténdese chegar a 12.

Para levar a cabo este obxectivo realizaránse 3 accións que se explican a continuación:

- AO4.1: Reunión de claustro para informar sobre a creación de recursos TIC no presente curso (terá lugar en setembro).
- AO4.2: Creación de recursos por parte do profesorado. Teremos de data fin ata a última semana de maio.
- AO4.3: Comprobar o número de recursos creados. Teremos una reunión a final de curso (o último día de xuño) onde o director será o responsable de comprobar os recursos creados.

OBXECTIVO (5): “Mellorar a comunicación coas familias a través do Abalar”.

O obxectivo atópase dentro da área de mellora B: Competencias dixitais.

O valor de partida será 0% xa que será a primeira vez que se empregue no centro e preténdese chegar ao 75% de familias que o empreguen a final do curso 22/23.

As accións que se levarán a cabo para conseguir acadar este obxectivo son as seguintes:

- AO5.1: Activar a canle ABALAR.
- AO5.2: Reunión coas familias dos/as escolares para concienciar e manexar o ABALAR:
- AO5.3: Accesos e intercambios de información a través do ABALAR.

OBXECTIVO (6): “Deseñar e participar en grupos de traballo, plans ou proxectos para a formación do profesorado en recursos educativos dixitais”

O obxectivo atópase dentro da área de mellora A: Liderado.

O claustro considera como necesidade do centro o deseño de grupos de traballo ou plans para a formación de recursos educativos dixitais do profesorado.

Consideramos importante formarnos en distintos recursos educativos para facilitar os recursos informáticos no traballo diario.

Partimos da participación nun grupo de traballo pero obxectivo final que se pretende acadar ó remate do curso 2023 pero implica tamén formarse noutros planes, proxectos e traballar en diferentes actividades na aula virtual do centro.

Para acadarse este obxectivo levaranse a cabo unhas series de accións a seguir de xeito consecutivo:

- AO6.1: Solicitud dun grupo de traballo para a formación do profesorado.

Esta acción iniciase coa solicitud de información dos contidos ata o 15 de outubro por parte do equipo directivo.

- AO6.2: Creación do grupo de traballo. A dirección e o claustro durante o 2º e 3º trimestre levaremos a cabo esta acción consistente na formación presencial do grupo de traballo.
- AO6.3: Participación no GT escollido.

Todo o claustro levará a cabo esta acción ó longo do curso a través do coordinador do GT que contactará co formador do mesmo para poder levar a cabo os distintos contidos do mesmo.

Os recursos materiais para a consecución deste obxectivo son a convocatotaria para dar a conocer a formación do grupo de traballo, información dos contidos do grupo de traballo e os dispositivos dixitais cos que contamos.

En canto a recursos humanos sería o claustro completo, o coordinador da formación do grupo de traballo e o formador do grupo de traballo.

OBXECTIVO (7): “Formar ao profesorado no uso do EDI”.

O obxectivo atópase na área de mellora D: Desenvolvemento profesional contínuo.

O centro considera esencial o manexo deste hardware como método para interactuar co alumnado e facer máis dinámicas as clases. Partimos de que ningún membro do claustro foi formado recentemente no uso desta ferramenta dixital e pretendemos que, alomenos, a metade do claustro remate tendo formación no seu uso.

Para acadarse este obxectivo propoñemos a seguinte liña de traballo:

- AO7.1: Solicitud ao CFR da liña de formación.
- AO7.2: Creación do GT.
- AO7.3: Recibir a formación
- AO7.4: Testeo da porcentaxe de participación

Plan de Acción do Plan Dixital de Centro

“Área/s de mellora”: H.Competencias dixitais do alumnado.						
1. OBXECTIVO:	Empregar recursos TIC existentes nas dinámicas de aula.				Acadado	
RESPONSABLE:	Equipo docente				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Número de recursos empregados en cada aula					
Valor de partida (3)	0 recursos empregados por cada aula					
Valor previsto e data (4)	3 recursos empregados por cada aula			Final do 3º trimestre		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO1.1: Reunión dos docentes para buscar posibles recursos.	Director	30 setembro 2022	Acta convocatoria de claustro Director Claustro Recursos propostos		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Posta en común dos recursos TIC para cada etapa	CCP	2º semana de outubro	CCP Recursos TIC (conexión á rede + ordenadores+ proxeccionador e EDI)		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3: Selección dos recursos a utilizar en cada etapa.	Coordinadores de ciclo Profesorado de apoio Director	1º semana de novembro	Profesorado Equipo informático Recursos TIC (conexión á rede)		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

AO1.4: Posta en práctica por parte do claustro da proposta.	Coordinadores de ciclo Profesorado de apoio Director	decembro	Profesorado Equipo informático Recursos TIC		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.5: Desenvolver as actividades e recursos TIC en cada etapa.	Coordinadores de ciclo Profesorado de apoio Director	2 ^a -3 ^a trimestre	Profesorado Alumnado Equipo informático Recursos TIC		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.6: Testar o emprego dos 3 recursos propostos	Coordinador GT	Última semana de xuño	Dispositivos dixitais Recursos propostos Coordinador GT		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

“Área/s de mellora”: B COLABORACIÓN E REDES						
2. OBXECTIVO :	Definir una canle de comunicación interna dixital que permita o intercambio de mensaxes entre persoal docente.				Acadado	
RESPONSABLE:	Director do centro escolar.				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Si/non existe unha canle de comunicación interna dixital					
Valor de partida (3)	Non existe canle de comunicación dixital					
Valor previsto e data (4)	Si existe canle de comunicación dixital.			Xuño de 2023		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO2.1: Reunión de claustro para debater e decidir cal será a canle escollida entre o persoal docente.	Director	8 de setembro 2023	Convocatoria da reunión Equipos informáticos Director Equipo de mestres		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.2: Difusión da canle escollida entre o persoal docente.	Director	Antes de rematar o mes de setembro 2023	Canle escollida Equipos informáticos Claustro completo Director Canle de comunicación		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

“Área/s de mellora”: D. Desarrollo profesional continuo.						
3. OBXECTIVO :	Intercambiar mensaxes entre persoal docente.				Acadado	
RESPONSABLE:	Director do centro escolar.				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	% de mensaxes respostadas por parte do persoal docente no último trimestre.					
Valor de partida (3)	0% de mensaxes respostadas.					
Valor previsto e data (4)	60% das mensaxes son respostadas a final de curso			Xuño de 2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO3.1: Reunión de claustro para debater e decidir como se utilizará a canle escollida de mensaxes entre o persoal docente.	Director	8 de setembro 2023	Convocatoria da reunión Equipos informáticos Director Equipo de mestres		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.2: Difusión da canle escollida entre o persoal docente e detección de necesidades para levar a cabo o seu uso.	Director	Antes de rematar o mes de setembro 2023	Canle escollida Equipos informáticos Claustro completo Canle de comunicación		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.3: Emprego da canle escollida e validación do uso correcto da mesma.	Coordinador/a da actividade de formación	Febrero do 2023	Equipos informáticos Equipo docente ao completo Canle de comunicación		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

“Área/s de mellora”: E. Pedagogía: apoios e recursos						
4. OBXECTIVO:	Crear recursos TIC para o seu emprego na aula.				Acadado	
RESPONSABLE:	Claustro				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Número de recursos TIC creados na aula					
Valor de partida (3)	0 recursos TIC creados a nivel centro					
Valor previsto e data (4)	12 recursos TIC creados a nivel centro			Xuño 2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO4.1: Reunión de claustro para informar sobre a creación de recursos TIC no presente curso.	Director	Setembro 2022	Acta da reunión Equipos informáticos Profesorado Director		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO4.2: Creación de recursos por parte del profesorado	claustro	Última semana de maio 2023	Recursos creados Dispositivos digitales Aplicaciones diversas profesorado		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO4.3: Comprobación do número de recursos creados	Coordinador GT e dirección	21 de xuño 2023	Dispositivos digitales Recursos creados Aplicaciones diversas Profesorado		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

“Área/s de mellora”: E PEDAGOXÍA: APOIOS E RECURSOS						
5. OBXECTIVO:	Mellorar a comunicación das familias a través de Abalar.				Acadado	
RESPONSABLE:	Dirección ou a persoa na que delegue.				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Porcentaxe de familias QUE FAN USO DO Abalar para iso se levará rexistro das entradas por parte delas á plataforma.					
Valor de partida (3)	0% de familias comunícanse usando ABALAR.					
Valor previsto e data (4)	75% de familias se comunican usando ABALAR			Xuño		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO5.1: Activar o Abalar	Dirección ou persoa na que delegue.	31 de outubro de 2022	Persoal: asesor do Abalar. Material: equipos informáticos. Abalar		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO5.2:Reunión coas familias para concienciar e manexar o Abalar.	Dirección ou persoa na que delegue.	31 de outubro de 2022	Persoal: familias, persoal do centro formadora. Material: equipos informáticos, canle elixida, documentación da sesión de formación.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO5.3: Accesos e intercambios de información a través do	Titor de cada grupo.	Xuño 2023	Mensaxes/avisos habituais. Control das ausencias por		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Abalar.			parte da familia. Acceso as cualificacións trimestrais do alumnado por parte das familias		Pendente	
---------	--	--	--	--	-----------------	--

“Área/s de mellora”: A LIDERAZGO						
6. OBXECTIVO:	Deseñar e participar en grupos de traballos, plans ou proxectos para a formación do profesorado en recursos educativos dixitais.				Acadado	
RESPONSABLE:	Dirección.				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	% Profesorado participante nos grupos de traballos.					
Valor de partida (3)	0% do profesorado participa no GT.					
Valor previsto e data (4)	60% do profesorado participa no GT.			Remate curso 2023		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO6.1: Solicitud dun grupo de traballo para a formación do profesorado.	Dirección	Dende principio de curso ata 15 Outubro	Información dos contados. Recursos personales. Formador (coordinador formación profesional).		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO6.2: Creación do grupo de traballo.	Dirección.	Principios novembro e 2º trimestre	Convocatoria. Información xeral. Actas. Ordenador. Correo electrónico.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO6.3: Participación no GT escollido	Coordinador GT	31 de maio 2023	Formador Participantes GT Dispositivos digitais		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

“Área/s de mellora”: D: DESENVOLVEMENTO PROFESIONAL CONTINUO						
7. OBXECTIVO:	FORMAR AO PROFESORADO NO USO DE EDI				Acadado	
RESPONSABLE:	DIRECTOR/DINAMIZADORA TIC				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Porcentaxe de profesorado formado					
Valor de partida (3)	0% do profesorado está formado no uso do EDI					
Valor previsto e data (4)	Alomenos o 50% do profesorado está formado no uso do EDI			31-5-23		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO7.1: Solicitud ao CFR da liña de formación	DIRECTOR	15-10-22	Solicitud Dispositivos dixitais Director		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO7.2: Creación do GT	Director/COORDINADOR GT	1ª semana de novembro 2022	Solicitud Dispositivos dixitais GT Director		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO7.3: Recibir a formación	Coordinador GT	2º TRIMESTRE	-Formador Aula equipada GT		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

AO7.4: Testeo da porcentaxe de participación	Director	31-5-2023	Director Dispositivos dixitais Fprofe		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

O centro presenta as seguintes necesidades:

NECESIDADES	XUSTIFICACIÓN	FINALIDADE
Postos de dirección e xestión debidamente equipados	O equipamento de xestión é moi antigo e o hardware non permite certas tarefas.	Xestión axeitada de todos os procedementos esixidos (videoconferencias, sinaturas dixitais, compatibilidade de manexo entre documentos, etc)
Ordenadores portátiles e ultraportátiles en número suficiente	Os ordenadores portátiles permiten un uso compartido para búsqueda de información e traballo persoal dada a súa facilidade para ser movidos.	Uso por parte do alumnado e profesorado na busca de información e xestión de recursos dixitais
Pantallas dixitais interactivas	As explicacións grupais requiren de medios interactivos e de fácil visualización.	Aproximación ás NNTT por parte do alumnado de menor idade
Dispositivos de gravación e edición de materiais visuais	O avance nas competencias ALFIN e AMI require medios de creación e xestión dos materiais audiovisuais	Elaboración de tarefas multimedia.
Acceso á rede wifi	É preciso ter conectividade por parte de todo o alumnado vía wifi dado que a mobilidade do equipamento é esencial	Promover o uso da rede por parte da comunidade educativa sen necesidade de contrasinal persoal
Kits dixitais	O centro carece de kits dixitais.	Permitir o acceso a información dun xeito máis sinxelo

4. Avaliación do plan

4.1. Seguemento

O procedemento de seguimento do desenvolvemento do plan e da consecución de obxectivos, indicando:

- No contexto da **avaliación procesual** a frecuencia da súa realización será unha vez ao mes (o último luns) para os obxectivos que correspondan e outra avaliación trimestral durante as sesión de avaliación.
- Os aspectos a valorar incluírán o estado da execución das accións, a análise e valoración dos resultados e, de ser o caso, as posibles modificacións das accións e as propostas de mellora.
- No contexto da **avaliación final** a frecuencia da súa realización será no mes de xuño logo de rematar o periodo lectivo.

4.2. Propostas de mellora

Logo das valoracións mensuais e trimestrais redactarase un informe cos aspectos non acadados ou incorrectos. Remitirase dito informe ao(s) responsables do obxectivo que precise subsanación para valorar as modificacións.

Ao finalizar cada trimestre farase o seguemento das modificación redactando un novo informe dos aspectos non acadados.

5. Difusión do plan

Darémolle visibilidade a este PD a través dos seguintes medios:

- 1- Información nos órganos colexiados: Consello Escolar e Claustro
- 2- Incluiremos o plan na páxina web do centro.
- 3- Transmitiremos a información nas titorías e reunións grupais coas familias.